


Suplemento educativo, sí; prensa na escola, tamén

Posto que o suplemento "Na Escola" cumpre un ano, o tema desta semana imos adicalo a avaliar a función que cumpre, e ademais para reflexionar sobre un problema máis amplo como é "A prensa na escola". Dende algún medio de comunicación galego vense tentando dende hai anos introducir o xornal na escola valéndose do suplemento educativo, e así se dixo recentemente nas IV Xornadas de Maxis-terio Lucense. Penso que ese non é o camiño, por tratarse de dous auxiliares do mestre distintos. O xornal para traballar a actualidade na escola; e o suplemento para o debate pedagóxico, a comunicación de experiencias, a crítica, a información educa-



tiva. Aquele suplemento que nacía con ese propósito está pensado con mentalidade de libro de texto para o ensinante, sen ter tampouco as características técnicas do libro de texto. Por eso hoxe imos analizar os dous problemas por separado. "Prensa na escola", "Suplemento educativo". Dous recursos diferentes e complementarios: A prensa, feita por profesionais, pode ter un papel formativo na escola; o suplemento de educación, feito por profesionais do ensino, leva a escola á sociedade, onde debe desempeñar un papel de dinamización cultural e social de primeiro orde. Introducir a prensa na escola como un libro de texto por entregas non é bo método para mellora-lo sistema educativo.

Unha escola aberta aos medios de comunicación

Todos somos conscientes da tremenda importancia que hoxe teñen os medios de comunicación social ou medios de comunicación de masas. Pódese dicir que, dalgún xeito, vivimos condicionados por eles. Esta importancia vai a máis, podéndose vislumbrar unha sociedade planificada e dirixida ó traveso deses medios.

Por outra banda son un medio formativo paralelo á escola. Posibilitan unha aprendizaxe vital, permanente (non entramos agora na bondade desa aprendizaxe) que ven face-lo papel que lle correspondía á transmisión oral nas sociedades primitivas, inda que correxido, aumentado e deformado.

Estes medios son, hoxe por hoxe, un vehículo de alleamento prá maior parte da poboación, desarmada e indefensa ante os aluviáns informativos que a envolven. Este alleamento non ven dado tanto polos medios en si coma pola utilización que se fai deles. O xornal, a televisión, etc., non son en si mesmos algo malo, senón todo o contrario: Levan dentro de si unha grande potencialidade renovadora, creadora.

O problema está na utilización que se faga deles. Porque se son un reducido grupo de xentes quen controlan os medios (como sucede na maioría dos casos), está claro que os utilizarán prós seus intereses personais ou de grupo. Isto convén non esquecerlo nunca.

O alleamento vese potenciado cando as persoas, os receptores das mensaxes, non coñecen nin a linguaxe nin os mecanismos deses medios de comunicación. Situación que se agrava nos de tipo audiovisual (ciné, T.V.), xa que a propia natureza do medio favorece unha recepción acrítica das mensaxes.

Diante desta situación é evidente que a solución non é a postura do avestruz nin o rechazo. A solución pasa por un recoñecemento e unha análise destes medios. Os nosos rapazes e rapazas deben utilizalos, facelos, convertírense en emisores das mensaxes, de xeito que adeprendan a linguaxe e os mecanismos dos medios de comunicación máis usuais.



O papel da escola ante os medios de comunicación

Os pasos que nós propoñemos e que son os que guían o noso traballo, son estes:

A) Utilización instrumental deses medios de comunicación.

Isto obriga a telos na clase, a que entre nela pra que os rapaces e rapazas podan manexalos.

B) Análise lingüística deses medios e crítica dos seus contidos.

Isto leva a introducirse no peculiar xeito de contar,

de comunicar, propio de cada medio. E leva tamén a ve-la natureza das mensaxes que transmiten.

C) Aprendizaxe da súa tecnoloxía.

Saber quen e como se fai un xornal, unha programación de radio ou TV, un comic, etc.

D) Utilización de modelos escolares de medios de comunicación.

E dicir, non chega con saber como se fai un xornal, un comic, etc.

O paso seguinte é facelos na escola, convertírense en emisores.

Os medios que nós pensamos poden ser tratados na escola sen grandes atrancos son:

- Os xornais.
- O radio.
- Os comics.
- A televisión.

O tratamento que se lles dea estará marcado polo posibilismo, xa que dependerá das instalacións, material, etc., de cada caso. Pro o que sempre se pode facer, ademais de proporcionar unha información teórica acerca do medio de comunicación tratado, é:

- Unha análise práctica, traballando cos medios de comunicación do mundo dos adultos.

- Un traballo, práctico e creativo, de construción e uso deses medios.

E importante insistir na necesidade de que o labor feito polos nenos e nenas vaia nesas dúas direccións. Abandonar calquera delas deixaría coxo o traballo e invalidaría na práctica.

O poñerse a traballar aparecerá sempre unha importante eiva: a falla case total de medios de comunicación galegos. Esta dificultade debe servir pra unha análise do feito, facendo ve-lo grado de dependencia e subdesenrolo do noso país. Se na escola se poden facer xornais, comics, etc., en galego, ¿por qué non pasa o mesmo na vida social? E dicir, compre que os nenos e as nenas se decaten de que a falla de medios de comunicación galegos obedece a razóns políticas e económicas, pro nunca á natureza deses medios.

Reflexións do colectivo "Avantar", publicadas en *As Roladas-2*, nº 8 (1981)

Os xornais como recurso na escola

O xornal é o medio que máis interesa traballar, non só pola importancia que ten, senón porque a súa estrutura serve de base cara ó estudo doutros medios (a programación do radio ou da TV pode explicarse, en grande medida, en termos xornalísticos).

Tódalas actividades deben facerse sobre xornais concretos, pró que convirá ter ben deles na clase, inda que sexan atrasados.

Algún día será conveniente ter exemplares de distintos xornais, todos da mesma data, pra ve-lo distinto tratamento dado á selección e colocación das noticias.

Todo o traballo debe ir encamiñado a que os nenos e nenas fagan o seu xornal. De non facelo, todo o traballo quedaría convertido nun "rollo", teórico, sen validez. O facelo, aparte da riqueza intrínseca do proceso de elaboración, faise posible unha comunicación que, dependendo das posibilidades, pode desenrolarse en 4 direccións:


- Comunicación alumno-clase.
- Comunicación clase-alumno.
- Comunicación clase-escola.
- Comunicación escola-entorno social.

¿Qué podemos facer cun xornal no aula?

Aceptamos como punto de partida, xa que logo, a necesidade de introducirmos na escola ese elemento cotián que é o xornal. ¿Qué podemos facer con él? Pois moitas cousas, que dependerán de certas variables (a idade dos rapaces, a súa procedencia social, o tipo de escola, as resistencias obxectivas que atopemos, etc.). Pero case todo o que podemos facer cabe dentro destes dous grandes apartados:

a) O xornal como auxiliar das clases

Este apartado é o máis coñecido e aceptado. Consiste en utiliza-lo xornal como complemento, co-



mo material de apoio para o desenrolo normal das clases. Unha alternativa e/ou un complemento ós libros de texto ou consulta como fontes de información. A xustificación deste uso e das súas posibilidades están a vista: Se temos que ler e traballar textos, ¿por qué non tiralos dos xornais? ¿Cómo non aproveitar en naturais toda a información sobre as recentes catástrofes (terremotos, volcáns) ou sobre a flora e fauna? ¿Cómo pasar por alto as múltiples aplicacións que calquera día atopamos para as ciencias sociais? Ou mesmo, na liña daquel excelente manual que era "Matemáticas y noticias", ¿cómo desaproveitar todo o material que, partindo da vida real, nos pode axudar a atopar unha motivación e unha validez para as nosas clases de matemáticas ou física?

As vantaxes desta utilización son evidentes: Hai unha meirande motivación, leva a un estilo de clase máis activo e participativo, conecta cos problemas e intereses presentes na vida "real", etc. Esta utilización é a que se propugna case sempre que se fala da prensa na escola. En Galicia temos un exemplo paradigmático: "La Voz de la Escuela", que edita "La Voz de Galicia" tódolos mércores do curso. En tódalas súas seccións propón unha ampliación daquelas

noticias que apareceron na semana e que poden encaixar nos progrmas escolares. E unha mágoa que este suplemento teña outras eivas (o tratamento diglósico do galego, o esquecemento da realidade na que viven os nenos ós que di dirixirse, etc.) se se examina desde unha valoración seguramente allea ós que o confeccionan e de seguro oposta a quen o acolle.

b) Xornal como obxecto de estudio en si

O primeiro apartado, con ser interesante, non é máis que a exploración parcial das potencialidades dos xornais. O apaixonante traballo coa prensa, o que está case completamente por facer e que encerra dentro de sí as meirandes posibilidades, é o que nos leva a fixarnos no xornal en si mesmo. O que nos leva a lelo non para aproveitalo para tal ou cal materia, senón para aprender a ler xornais, para aprender a enfrentarnos tódolos días con ese espello deformante da realidade que ven sendo un xornal.

Todo iso supón unha aprendizaxe crítica de tódolos recursos que entran na confección dun xornal, unha decodificación da morea de mensaxes que nos agardan nas súas páxinas. Coa vantaxe engadida de que todo iso servirá, como xa dixen, para a aprendizaxe dos outros medios (radio, TV, revistas) que teñen moitas cousas en común coa prensa.

Compre indicar, ademáis, que a utilización do apartado A) non acada un auténtico sentido se non hai un traballo previo sobre o que estamos a suliñar. Porque unha noticia non é só o seu contido (o que di), senón moitas cousas máis: A súa colocación na páxina, a súa extensión, os titulares, a redacción da mesma, etc. Elementos todos que hai que ter en conta á hora de traballar sobre ela.

No número 2 da Revista Galega de Educación pode atoparse unha explicación da "Análise de primeiras páxinas".

Agustín Fernández Paz

Unha experiencia interesante do noso arquivo

No curso 1976-77, dentro das múltiples experiencias prácticas que se fan na Sección de Pedagogía do Colexio Univesitario, dentro da asinatura de Didáctica, propuxémonos introducir a análise da prensa no Colexio público de Mariñamansa. Ten senso traer hoxe aquí as actividades realizadas pola conexión co tema que estamos a tratar. A cada ensinante se lle poden ocorrer outros procedimentos, polo que este non pretende ser unha relación exhaustiva.

1) O primeiro que fixemos foi falarlles ós rapaces do que pensabamos facer. Discutimos con eles a importancia da prensa e abrímoslle-la porta a tódalas aportacións que se lles ocurrían en canto a cousas que podíamos facer. (O interés dos alumnos é algo fundamental en calquera actividade escolar).

2) Xa centrados no tema, o seguinte paso foi conquistar moitos periódicos do mesmo día (coa conseguita campaña previa de recolleita de xornais entre as amistades) que, por suposto, fosen actuais. Repartimos este material entre os nenos, que escomezaron a traballar en pequenos grupos (posto que non tiñamos un periódico pra cada alumno). O que tiñan que facer era recortar aquela noticia que lles parecera máis importante. Unha vez postos dacordo e rematada a operación das tixeiras, fixémo-lo recuento e a clasificación. O que máis lles interesou (neste primeiro momento) foron os sucesos, cousas raras e deportes. A noticia que máis se repetiu foi a elexida pra comentar, procurándose que os nenos falasen moito e lle sacaran punta a esta información, profundizándoa e relacionándoa con outras cuestións.

3) Agora, os rapaces estaban preparados xa pra se dar conta de que nos periódicos se falaba de cousas moi distintas (xa nos encargamos de facerlles ver que había algo máis que sucesos e deportes). Estudamo-las seccións das que, en xeral, se pode compoñer o xornal (economía, sociedade, cultura...) e a continuación volvemos colle-las tixeiras. Esta vez tiñan que recortar unha noticia por sección. Voltamos escoller algunhas e os nenos iban comentándoas tendo tres eixos de referencia:

- Qué relación pode ter co programa escolar.
- Poden ter o mesmo interés os periódicos que os libros da escola para aprender.
- Cal é o nivel de uso do galego na redacción das noticias.

4) Pra que os alumnos se deran conta de que un mesmo feito se pode interpretar de diferentes xeitos (aquele de que "cada un conta da feira según lle foi nela"), escollimos algunha noticia conflictiva e analizámola a través de diferentes xornais (que, por suposto, tiñan ideoloxías diferentes). Como sempre, houbo discusións dabondo.

5) Aló pola metade desta experiencia comenzamos a planear unha visita á imprenta dun periódico. Os mesmos nenos querían coñecer xa por dentro os miolos deste medio de comunicación social. Antes de que foran ós talleres démoslles unha explicación técnica, por enriba, sobor da confección dun xornal e do seu organigrama. Unha vez preparados, visitamos **La Región**, onde nos explicaron cómo é que se fai unha páxina, como funciona a linotipia, a rotativa, o télex, que é o fotografado, o ocografado, o

offset..., e, finalmente, adprendemos o proceso de elaboración dun xornal. Tivemos sorte, sacáronnos unha fotografía e saímos no periódico. ¡Todos contentos!

6) Outro paso que seguimos foi estudia-la publicidade. Miramos qué se pretende con ela, a quen se dirixe e qué medios lingüísticos e visuais se empregan pra face-la máis eficaz.

7) Máis adiante falamos da estruturación dun xornal e dos diferenes xéneros periodísticos: Editorial, artigos, crónicas, noticias... Estabamos dando os últimos pasos cara a construción do noso periódico.

8) Eiquí comenzouse a tarefa verdadeiramente activa: Primeiro probamos a facer un xornal imaxinativo, os mesmos nenos inventaban as noticias, dacordo coa estrutura do periódico. Finalmente fixeron o seu xornal escolar no que falaban de temas de actualidade e algunha que outra cousa da escola. Aínda que o centro contaba con multicopista, como medio de impresión empregámolo da pasta de imprimir (xelatina), posto que así os alumnos facían o proceso completo: A redacción e a impresión.

Coidamos que todos estes pasos teñen o valor de introducir o aproveitamento da prensa na escola; mais, o verdadeiramente interesante é que nos centros educativos se faga uso, dun xeito continuado, dos medios de comunicación social como unha importante ferramenta que una a escola á vida.

Xuño de 1977. (Publicado orixinalmente no número 2 de "As Roladas").

Carlos Campo Rozado
Xosé Ramón Gutiérrez Izquierdo

"Na escola" cumple un ano

O día sete de abril de 1988 saía nas páxinas centrais de **La Región** o suplemento de educación **Na Escola**. Tentábase unha experiencia capaz de poñer en contacto a realidade escolar das diferenzas de Galicia, co propósito de dala a coñecer, de desatar problemas de conxunto, de resaltar as prácticas anovadoras, de chegar tódalas semanas aos centros de ensino con plantexamentos alternativos á rutina que pode invadirnos despois de anos ensinando unha materia, a nenos dunha idade determinada, nunha escola atrasada do noso país.

No número primeiro, tentábase enlazar co pasado da renovación educativa, atopando unha soa experiencia sinificativa de "publicacións periódicas sobre educación na prensa ourensana. Era a "Páxina pedagóxica" do diario "La Zarpa" en 1929-30. **La Región** en toda a súa longa historia tiña encetado algún proxecto sen outer continuidade. Mesmo nos tempos que corren quedaba descolgado o periódico ourensano das diversas experiencias que estaban levando a cabo outros xornais de Galicia.

En torno a Agrupación local de Nova Escola Galega, formouse un equipo para poñer "mans a obra".

Neste ano foron incorporándose outras persoas, colectivos e institucións dispostas a facer as súas aportacións; MRPs, Sindicatos, Centros de recursos, Formadores de formadores, seminarios permanentes.

NA ESCOLA



Páxinas pedagóxicas na prensa ourensán

A publicación periódica de artigos pedagóxicos na prensa local ourensana carece de historia recente. Para a súa creación necesitábase un equipo de traballo que se comprometese a manter un esforzo constante...

Bótase de menos

Bótase de menos a comunicación de máis experiencias e recursos xenerados nas nosas escolas, un reflexo vivo do traballo de cada día dun número amplo de ensinantes. Aínda predominan os traballos "de encarga", tendo que repetir moitas veces as mesmas firmas, cando se quedan no anonimato experiencias de interese ás que non podemos acceder.

Para deixarlle máis espazo xa eliminamos, no que vai de curso, a páxina que se adicaba aos colexios, por entender que a vida dos centros quedaba empobrecida pola visión que daban as entrevistas co director. Esa páxina xunto coa adicada ás actividades prácticas, permiten facer propostas de traballo didácticas moi completas, que poden constar dun so tema monográfico, ou varios cando teñen menor extensión. Coido que a extensión non debe poñer trabas á hora de enviarnos unha colaboración. Por eso me permito modificar a ilustración que nos enviaba Tonucci fai un ano.

X. M. Cid

Índice de temas tratados (abril 1988-marzo 1989)

Estudios e reflexións teóricas


- Páxinas pedagóxicas na prensa ourensán, (7 abril 1988) X. Manuel Cid.
- O Colexio público "Curros Enríquez", (7 abril 1988) Xosé Lois Carrión.
- A renovación pedagóxica de 1931, (14 abril 1988).
- A escola anexa, César Silva, (14 abril 1988).
- Motivos da reforma educativa, (21 abril 1988) David Cortón.
- Grupo escolar "Calvo Sotelo" de Carballeño (21 abril 1988).
- Educación ambiental, (28 de abril de 1988) Roxelio Pérez e Manuel Fernández.
- O colexio "Tomás de Lemos" de Ribadavia, (28 abril de 1988), X. Lois Carrión.
- A educación sexual, (5 de maio de 1988), Mercedes Suárez.
- Colexio público de Mende, (5 de maio de 1988), César Silva.
- A lingua galega é unha lingua útil, (12 maio de 1988), José Paz.
- Colexio Lagunas I (12 maio 1988).
- Galego no ensino, galego na sociedade (19 maio de 1988), Antón Costa.
- Colexio "Roxelio García Yañez" de Ramirás (19 maio 1988), X. Lois Carrión.
- A Escola rural en Galicia, (26 maio 1988), Avelino Pousa Antelo.
- A unitaria de Outomuro, (26 maio de 1988), César Silva.
- A educación ambiental extraescolar (3 de xuño de 1988), María Xosé Mosquera.
- Escola de Montederramo, (3 xuño 1988), X. Lois Carrión.
- Educación especial, (9 xuño de 1988), Manuel Deaño.
- Unha escola para todos, (9 xuño 1988), Angeles Parrilla.
- A Escola que eu quero, María Saúde Iglesias.
- Centros Universitarios en Ourense (16 xuño 1988).
- Actividades de actualización profesional durante o verán, (23 de xuño 1988), Mercedes González.
- Especial adicado a Carlos Lerena (19 outubro 1988).
- As normas ou norma do Galego, (26 de outono de 1988), Isaac Alonso Estravís.
- Os libros de texto e o control do currículo(2 novembro 1988), Jurjo Torres.
- Documentación e investigación na aula (9 de novembro 1988), Mario Lodi.
- Educación e Concellos (16 novembro 1988), X. R. Jares, Mercedes Suárez.
- O Concello de Ourense: a política educativa do "debe ser" (16 novembro 1988).

NA ESCOLA



O 14 de abril, unha data de lembranza para o ensino

O 14 de abril de 1931 quedou proclamada a II República no Estado español. Máximos Demos, profesor, e Fernando de los Rios, deputado, fundaron a Asociación de Trabajadores del Estado (A.T.E.) para defender a educación pública, debidamente financiada por un imposto sobre o consumo...



Saúdo e alento dos predecesores

- "Profesión: ensinante" (23 novembro 1988), Mercedes González.
- O MEC repite curso (23 novembro 1988), David Cortón.
- Sobre desigualdades e educación compensatoria (30 novembro 1988), J.A. Caride.
- A educación compensatoria e a súa orixe, (30 novembro 1988), Miguel Nogueiras.
- Os dereitos humanos, Seminario de Filosofía do I.B. "As Lagoas" (7 decembro 1988).
- Reforma educativa e didáctica da historia (14 decembro 1988), Mercedes González.
- Estudios sobre educación para a paz (11 xaneiro 1989), Agustín Requejo.
- Educación para a paz, cultura relixiosa, relixión católica, NEG (25 xaneiro 1989).
- As "prácticas" na formación inicial do profesor (1 febreiro 1989), Eduardo X. Fuentes.
- Servicio Municipal de Educación de Ourense (8 febreiro 1989), Alicia Vidaurre.
- Os presupostos de Educación en Galicia 1989 (15 febreiro 1989), Antón Costa.
- O ensino dos idiomas, Nélida García e Mariluz Díaz.
- Os centros de recursos (1 marzo 1989), David Cortón e directores dos centros de recursos.
- Día da Muller traballadora (8 marzo 1989), AGM.
- Educación e información sexual (8 marzo 1989), Eva Moreira.
- Xogo de rolos: a investigación militar (25 xaneiro 1989).
- Conclusións dos III encontros de Educación para a paz (25 xaneiro 1989).

Educación para a paz

- Historia dun día (14 abril 1988).
- Estudo de casos: os rolos sexuais (28 abril 1988).
- Xogo de enfoque de valores (19 de maio de 1988).
- Xogos cooperativos (3 de xuño de 1988).
- Xogos cooperativos/ xogos competitivos (14 decembro 1988).
- Recursos: xogos cooperativos:
 - O comercio de armas en España;
 - Desertando da III guerra mundial;
 - A guerra/ a paz onde vives (11 xaneiro 1989).
- Adeus a un loitador da educación para a paz: Paco Canario (18 xaneiro 1989).
- Xogo de relacións: o amigo descoñecido (25

Resaltamos este apartado, que podía formar parte dos recursos, xa que problemas globales como a paz, o medio-ambiente, o desenrolo comunitario poden ser un foco de interese interdisciplinar, capaces de orientar un proxecto educativo da comunidade educativa a longo prazo. Facilitar recursos nesta liña foi -e segue sendo- para nós un obxectivo prioritario.

Experiencias - Recursos

- Facer fotocopia na escola (7 e 14 de abril 1988), Gonzalo Taboada.
- Educar no tempo libre, Carmen Vidal.(7-14-21-28 de abril; 5-12-26 de maio; 9 e 23 de xuño).
- Experiencias con cancións na clase de inglés, por Socorro Fernández (21 abril 1988).
- Expresión dramática, por Manuel García e Rosa María Pías (21 abril e 26 de maio de 1988).
- Cancioneiro-calendario, María Saúde Iglesias (28 de abril de 1988; 12 de maio, 16 de xuño).
- Crítica literaria e contexto histórico, Marcos Valcárcel (5 de maio de 1988).
- O Día das Letras Galegas, visto por escolares (curso octavo da Escola Anexa) (19 de maio de 1988).
- Aprender en Manzaneda, (3 de xuño 1988).
- Experiencia de integración no Carballiño, Manolita Garrido (9 de xuño 1988).
- Unidade didáctica: chicos-chicas (16 xuño 1988).
- Actos das festas para os mais cativos.
- Invernadeiro en Velle, Luis Jiménez (23 xuño 1988).
- Bemposta, por César Silva (9 outubro 1988).
- Fagamos un cine-Clube, Gonzalo Taboada (19 outono).
- Colonias escolares (19 outono 1988).
- O tempo das setas, Grupo GAIA (26 outono 1988).
- ¿Que valores transmitimos seguindo os libros de texto?, Grupo de EDUPAZ (2 novembro 1988).
- As nosas festas na escola, por profesores e alumnos do Colexio Público de Covadonga.
- O magosto na segunda etapa, Roberto Cid (9 novembro 1988).
- A Escola-taller de Ribadavia (16 novembro 1988).
- Asociarse en autobús, Pablo Meira (23 novembro 1988).
- Cancioneiro-calendario, María Saúde Iglesias (19 outono, 23 novembro).
- O cinema psicopedagógico, José Paz (23 novembro 1988).
- Suxerencias para elixir xoguetes (30 novembro 1988).
- Actividades para a clase de ética. Seminario de Filosofía do I. B. "As Lagoas" (7 decembro 1988).
- Un día sen lle dicir aos nenos e nenas o que teñen que facer (7 decembro 1988).

NA ESCOLA

Mércores, 7 de decembro de 1988 La Región N.º 22

Os dereitos humanos

A pesar de todo, os dereitos humanos son aqueles que todos os seres humanos merecemos por ser humanos. Non se poden perder, e non se poden vender. Son aqueles que todos os seres humanos merecemos por ser humanos. Non se poden perder, e non se poden vender. Son aqueles que todos os seres humanos merecemos por ser humanos. Non se poden perder, e non se poden vender.



Para lembrar, hai que dicir que a Declaración Universal dos Dereitos Humanos é un pacto global que todos os seres humanos merecemos por ser humanos. Non se poden perder, e non se poden vender.

A declaración dos dereitos humanos

O día de hoxe completamos 40 anos de existencia da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Esta declaración foi adoptada polo Xeral Asemblea da Organización das Nacións Unidas o 10 de decembro de 1948. Desde aquela época, esta declaración é a base para a creación de tratados internacionais e para a promoción dos dereitos humanos.



Os dereitos humanos son aqueles que todos os seres humanos merecemos por ser humanos. Non se poden perder, e non se poden vender.

- Dereitos humanos (7 decembro 1988).
- A alternativa dos xoguetes populares, Camilo Brandín (14 decembro 1988).
- Cartas ós Reis Magos, por nenos de EXB (número 22) (21 decembro 1988).
- Obradoiro de Ciencias: Xeoloxía urbana, polo Grupo GAIA (18 xaneiro 1989).
- As árbores da cidade, Grupo GAIA (29 marzo 1989).
- O mapa de Peters, Mariló Candedo (25 xaneiro 1989).
- As nosas festas na escola: Entroido, Miguel Anxo Nieto e Xoán Andrade.
- Escola de teatro de Brión, Equipo de intervención socioeducativa (8 febreiro 1989).
- Iniciativas xuvenís do Concello de Ourense, Carmen Vidal, Alicia Vidaurre (8 febreiro 1989).
- Protección civil, J. Pedro Morais (15 febreiro 1989).
- Un recurso no ensino de lingua estranxeira, Reyes Río (22-02-89).
- O libro lila do cole, Mariló Candedo (8 marzo 1989).

Avaliación do primeiro ano

Para facer unha sinxela avaliación do primeiro ano do suplemento Na Escola, agradecemos que respostes a estas cuestións.

- Podes asinar ou nón a folia de resposta.....
- Indica se eres Estudante ou Profesor:
- EXB.
- Ensino medio.
- ¿Cantos números tes leído?
 - A) máis de 25.
 - B) 15 a 25.
 - C) 5 a 15.
 - D) Menos de 5.
 - Os números que leiches ¿con qué nivel de profundidade?
 - A) As primeiras páxinas enteiras.
 - B) As páxinas de experiencias e recursos.
 - C) A derradeira páxina.
 - D) Todos os artigos.
 - E) Só os titulares.
 - ¿Mercas o periódico polo interese do suplemento?
 - A) Sí.
 - B) Non.
 - C) Algunhas veces.
 - D) Según os temas.
 - Como persoa do mundo da educación ¿consideras que o suplemento é...?
 - A) Moi interesante.
 - B) Interesante.
 - C) Pouco interesante.
 - D) Non teño criterios.
 - ¿Qué valoras mais positivamente do suplemento?
 - 6. ¿Qué cambiarías?
 - 7. ¿Qué botas en falla?
 - 8. ¿En qué parte coidas que podes ti colaborar?
 - 9. ¿Coñeces outros suplementos? ¿Qué che aportan na tua formación docente?

Tiras críticas

NA ESCOLA

Mércores, 29 de marzo de 1989 La Región N.º 22

Obradoiro de Ciencias

As árbores da cidade

As árbores da cidade son aquelas que todos os seres humanos merecemos por ser humanos. Non se poden perder, e non se poden vender.

Pautas de traballo

1. Traballo en clase

2. Observación de campo

O Xardín do Posio

O xardín do posio é un lugar onde se pode aprender moito sobre a natureza e os seres vivos.



- A formación de profesores, Xesús R. Jares (7 abril 1988).
- Esa fábrica chamada escola, Mercedes Suárez (14 abril 1988).
- Unhas ideas para o Campus, X. M. Cid. (21 abril 1988).
- Progreso, Xesús Rodríguez Jares (28 abril 1988).
- Pero...¿Qué queren os profesores?, David Cortón (5 de maio de 1988).
- Reflexión, Herminio Barreiro (12 de maio de 1988).
- O galego, dous días despois, Agustín Fernández Paz (19 de maio de 1988).
- Cultura de guerra, cultura de paz, por Calo Iglesias (26 de maio de 1988).
- Eloy Luis André: nenos ceives, pobos ceives, por X. M. Cid (3 de xuño de 1988).
- Fracaso escolar, Alida Iglesias (9 de xuño 1988).
- Facendo avaliación, Mercedes González (16 de xuño).
- Competencias do Concello en materia educativa (16 de xuño de 1988).
- Xornada continuada, Alberto Salgado (23 de xuño 1988).
- Formar ou poñer en forma, C. Lerena, in memoriam (19 outono 1988).
- O concurso de traslados, David Cortón (16 novembro 1988).
- Deixar a escola para ir ver a Chic Corea, Xan Bouzada (7 decembro 1988).
- O movemento Freinet de cumpleaños, 1968-1988 (14 decembro de 1988).
- Un mundo ó revés (11 xaneiro 1989).
- Rambo! versión real americana, Chema González (1 de febreiro 1989).
- A nova pedagogía de Don Aniceto, David Cortón (8 febreiro 1989).
- Música...máis música, mestres!, María Saúde Iglesias (15 febreiro 1989).
- Mellor en Galego, X. M. Cid (22 febreiro 1989).
- Pudor e educación sexual, Mercedes Suárez (1 marzo 1989).

Implicando o alumno na elaboracion do seu propio material



Quixera reseñar antes de nada, que a experiencia que vou describir sería moi pobre sin a inestimable colaboración de Olga López (encargada do Centro de Recursos de Ourense) que aportou os seus coñecementos dos medios audiovisuais, non soio para recoller a experiencia en vídeo, senón tamén para aconsellar ós participantes na elaboración das diapositivas e noutros aspectos formales. A ela e ós alumnos agradézcolles a dedicación do seu tempo libre, pois tódalas actividades foron realizadas fora do horario de traballo, e en algún caso no fin de semana.

En canto ós participantes, tratase dun grupo de alumnos que cursan primeiro de BUP no Instituto "Blanco Amor" de Ourense. Acudimos a eles posto que neste intre non conto cun colexio propio nesta cidade, xa que cando fun seleccionada para o Curso de Formación Didáctica da Lingua Inglesa atopábame impartindo clase no meu destino definitivo en Tebra (Pontevedra). O quedar a provincia de Ourense descuberta axudicouseme dita provincia para levar a cabo a fase práctica do curso. Por iso, ó plantexámo-la realización desta experiencia pensamos de inmediato nestes rapaces ós que lles impartira clases de inglés durante toda a EXB no Colexio Público de Prácticas. Falei coa súa actual profesora e posteriormente con eles para explicarlles someramente en que ía a consistir. Aceptaron entusiasmados, a pesar de que lles supuxo perder algunhas tardes libres.

Así o venres, 3 de marzo, xuntámonos nunha aula da Escola Universitaria de Formación do Profesorado para despois de escoitar e lee-lo conto, elabora-las diapositivas. A sesión durou 2 horas. O mércores, 8, volvémonos xuntar na sala de audiovisuais da mesma Escola Universitaria para segui-la experiencia. Foron outras 2 horas ininterrumpidas de traballo non só dos alumnos senón tamén da encargada do Centro de Recursos de Ourense que en ámbalas sesións estivo filmando.

O feito de ter que traballar fora do horario escolar e de que algunhos dos participantes tivesen presa, ben porque tiñan exámenes ou outras actividades levounos a ter que traballar a un ritmo moi rápido, que impediu, por exemplo, ter un feedback ó final de cada sesión realizada, ou millor de cada actividade. Aínda así resultou moi gratificante comproba-la entrega dos alumnos a todo o que estaban facendo.

Finalizaba a experiencia cunha dramatización, levada a cabo no Centro de Recursos, en donde, ademáis, visionaron o vídeo no que se recollían tódalas actividades. Tamén se estableceu unha pequena conversación cos participantes para coñecer a súa opinión sobor da mesma.

Realización de diapositivas a partir dun sinxelo conto oriental escrito en inglés, e posterior desenrolo de actividades

DESCRIPCION EXPERIENCIA

NIVEL:

Se ben nesta experiencia concreta participaron alumnos de primeiro de BUP, trátase dun traballo fácilmente adaptable a tódolos niveis. Lóxicamente tñíase que modificar en primeiro lugar o texto.

TEMPO:

Aproximadamente 4 horas.

OBXECTIVOS:

-Presentar ó seminario permanente de inglés unha experiencia que dera pé á observación e ó debate sobor os pros e contras das actividades realizadas.

-Dotar ó Centro de Recursos dun material (elaborado polos propios alumnos) que pudiera ser levado ás aulas e axudase a crar novas iniciativas nos profesores e estudantes.

-Motivar ó alumno para a elaboración do seu propio material.

-Integralas catro destrezas: Listening-Speaking-Reading-Writing, tomando como base as diapositivas feitas polos alumnos.

MATERIAL:

Tendo en conta que algunos dos nosos centros, especialmente os de EXB carecen de recursos sofisticados, coidamos en todo momento empregar material sinxelo que poidese estar o alcance de todos tal como:

- Fotocopias co texto do conto.
- Encerado.
- Recortes de fotografías de persoas famosas aparecidos en revistas.
- Transparencias, rotuladores e marcos de diapositivas.
- Folios en blanco ou cartulinas.
- Flix-toc (ou pegamento).
- Decorado (feito polos alumnos).

CONTIDOS:

Como dixemos antes, non pretendíamos traballar unha determinada función ou estrutura senón integra-las catro destrezas. Aínda así o desenrolo da experiencia implicou:

REVISION das seguintes funcións:

- Dar ordes e consellos.
- Describir persoas e cousas.
- Amosar desexos.
- Narrar feitos no pasado, presente e futuro.

PRESENTACION:

- Lectura do conto por parte do profesor.
- Breve explicación das estruturas novas que poidesen impidi-la comprensión do texto. Pra iso utilizáronse recortes de persoaxes famosas aparecidos en revistas segundo-se explica a continuación.

"If I don't take her to her home today, where will she sleep tonight?"



If they win a big prize in the lottery they will be very happy.

ACTIVIDADES

LISTENING:

Os alumnos escoitaron a historia lida pola profesora. (Se se contase con texto grabado por nativo, millor).

READING:

Lectura individual e silenciosa do conto para extrae-las ideas fundamentais que tiñan que ser repetidas mediante diapositivas.

MAKING SLIDES:

Dado que o conto tiña catro partes ben definidas, os alumnos dividíronse en catro grupos para, en equipo confeccionar as diapositivas correspondentes.

Primeiro fixeron os dibuxos nun folio en blanco para logo pasalos á transparencia, recortalos e enmarcalos. En total elaboraron 20.

(Ata aquí chegou a primeira sesión cunha duración aproximada de dúas horas).

Adxuntamos mostra das diapositivas e do texto que trataban de representar.


Implicando ó alumno na elaboración do seu propio material

Kasim and Aminah

There was once a fisherman called Kasim. He lived at the mouth of the river Muar. On the other side of the water there was a city called Siak. His wife's name was Amminah. Amminah's father was a rich man, and he was angry because Amminah married a poor fisherman.



She said, "Kasim isn't rich, but he is a very good man. His house isn't big; but I don't want a big house. He doesn't have a lot of money; but I don't want a lot of money. I want a little house where I can do things myself".



But Kasim sometimes said, "One day you will say, "Oh, why did I marry a poor man?""

Kasim's brother lived in the city. He was rich. One day he sent a letter to Kasim saying, "Come and help me in my work, and you will become rich like me".



The old woman

Kasim didn't know what to do. He went down towards his boat. He said, "When I'm fishing I can think what to do... Will my wife be happy in the city?"



When he came to the boat he saw an old woman standing near the boat. She had two bags and a black cat. One bag was big; the other bag was small.



She said, "Please take me to Siak, over there".



He said, "But Siak is very far away. It will take a long time to get there and back. I'll catch no fish today if I take you there. Tomorrow, I'll take you there tomorrow".



She said, "Please - please take me today!" He thought, "Poor old woman; if I don't take her to her home today, where will she sleep tonight? How can she wait all day and night here on the sand?"



So he said, "I'll take you today. Get into the boat".

So the old woman put her two bags in the boat - one big bag and one small bag. Then she got in with her cat and sat there, holding the cat in her arms.

The cat shut its eyes. The old woman shut her eyes, and she sat there saying nothing.

Kasim took the boat across the water.



A bag of gold!

When they came to Siak the old woman got out of the boat. But she didn't take the bags. She said, "I give those to you because you helped me".

"Thank you", said Kasim. "You are very kind; but I didn't want anything".

"Take them", she said.

He turned the boat. She stood there looking at him, and Kasim looked at her as he went away.



He saw her put the cat on the ground. It grew bigger and bigger.



Then she got on its back and rode away into the forest.



Kasim didn't know what to think. After some time he looked at the bags. He opened the big bag and it was full of turmeric, the yellow powder that the Malays like to add to their food.



He had a long way to take his boat, and making it go through the water was hard work. So Kasim said, "I don't want this big bag." And he put it over the side of the boat into the water.



At last he came to the land. He got out of the boat. Then he saw the small bag. He said, "Amminah may want this turmeric," and he put down his hand to take it out of the boat. It was very heavy. He opened the bag and looked into it: it was full of gold!




Kind and good

"Oh!" cried Kasim. "I threw the other bag into the water! Was there gold in that too?"

He told Amminah the story. "What shall I do?" he said. "Shall I go and try to get the other bag out of the river?"

She said, "You'll never find it. Be happy with what you have. There's enough for us here".



That night, when Kasim was in bed, he saw in his sleep a beautiful princess. She was covered with gold and jewels. She said, "I was the old woman you helped. I am the Princess of Gunong Ledang. You thought that I was poor, but you helped me. You thought that I couldn't give you any money, but you took me across the river. You were kind to me, and so I gave you the bag of gold".

"Was there gold in the bag that I put in the river?" said Kasim.


"No," said the Princess. "That was full of turmeric, as you saw. A lot of gold would make you unhappy. Be a good man, be kind to others, and you will never be poor".

"Will you come back?" asked Kasim.

"No," said the Princess. "I'll never come back. I am leaving this land for ever. No man will see me again". And with those words she was gone. He couldn't see her any more.



Next day Kasim told Amminah what he had seen in his sleep. He bought her a new dress, and he bought himself a new boat.



They now have many children, who love their father because he is kind and good.



the end.



Implicando ó alumno na elaboración do seu propio material

SPEAKING

Fóronse proxectando unha a unha as diapositivas, á vez que os alumnos eran preguntados sobor do significado das mesmas, de tal maneira que describisen persoaxes e cousas, narrasen accións, etc. Amosamos a continuación un exemplo:

What's the name of this city?

What's the name of the river?

Who lives at the mouth of the river?

What's kasim's job?

Is he a rich man or a poor man?

JUMBLED PARAGRAPHS

Con esta actividade pretendeuse traballa-la secuenciación.

Descompúxose a historia en 16 partes que despois de recortadas e desordenadas fóronlle entregadas a cada alumno xunto cun anaco de cartulina e un pouco de "frix-toc". A tarefa consistiu en ilas pegando, por orden, de tal maneira que ó final quedase composto de novo o conto.

TRUE / FALSE STATEMENT GAME

Colocáronse o fronte da clase dúas sillas. Unha cun cartel que poñía "TRUE" e outra con outro que poñía "FALSE".

A clase estaba dividida en dous equipos. O xogo consistía en que unha parella, formada por un membro de cada equipo tiña que intentar sentarse o máis pronto posible na silla correspondente segundo que o "statement" feito por un alumno fose verdadeiro ou falso. As parellas ían rotando ata que todos participasen. Fixéronse un total de 10 "statements" todos baseados no conto traballado. Estes foron os que deron pé o xogo.

-There was once a milkman calle Kasim.

-Kasim was a rich man.

-Aminah wanted a big house.

-The old woman had three bags.

-The cat was black.

-Kasim took the old lady to Siak.

-The big bag was full of gold.


-The Princess will come backagain.

-Kasim and Aminah have many children.

Esta actividade está basada nunha idea recollida do libro "A training course for TEFL" O.U.P. 1984.

WHISTLE GAP DICTATION

Trátase de un dictado no que o profesor deliberadamente salta algunhas palabras. Cada vez que isto ocorre emítese un sonido (silbato, palmoteo, etc.) que alerte o alumno de que ten que deixar un espazo para a palabra que se omitiu. Cando o dictado esté rematado o alumno debe completa-los espazos con palabras axeitadas ó contexto. A meudo existe máis



dunha solución correcta. Dependendo da dificultade do texto e da habilidade dos que realizan o dictado pódese ir completando a medida que se escoita ou esperar ó final. De calquera maneira resulta unha actividade máis interesante que dictado tradicional xa que o estudante síntese máis implicado ó ter que completar un vacío de información.

Para a corrección do dictado un alumno escribiuno no encerado, axudado polos compañeiros.

CONSOLIDATING VOCABULARY

Os alumnos escribiron, o máis rapidamente posible, as palabras suxeridas pola visión das diapositivas proxectadas. Algunhos alumnos, cando comprobaron que xa escribiran todo o vocabulario posible, pasaron a escribir frases completas.

SUGGESTING A TITLE

En ningún momento os alumnos tiveron acceso o título da historia. Deste xeito buscouse motivalos para que eles mesmos o suxerisen. Estes foron os ofrecidos por eles:

- "The bag of gold".

- "Kasim's sleep".

- "The Princess of Gudnong Ledang" (iste era o verdadeiro título).

- "Kasim is a Kind, good man".

ORAL SUMMARY

Resumen oral da historia por parte dun

dos participantes.

DRAMATIZATION

Rematouse a experiencia cunha dramatización baseada na historia traballada. Tivo lugar no Centro de Recursos.

Toda esta experiencia foi desenrolada en inglés.

ALUMNOS PARTICIPANTES

- María Alvarez
- Rocío Arribas
- Roberto Bouzán
- Mercedes Bueno
- Begoña Carnicero
- J. Luis Cid
- Jorge do Olmo
- Margarita Do Pereiro
- María Jesús Fdez.
- Isabel Prol

EXPERIENCIA REALIZADA POR:

Nélida García (profesora de EXB, licenciada en Filoxía Inglesa) e Olga López (encargada Centro Recursos).

O NOSO AGRADECIMENTO A:

- Dirección e profesora de Inglés da Escola Universitaria, polo préstamo de aula e material.

- Profesora de Inglés do Colexio Universitario e a David Dalton pola súa observación directa.

- Profesora de Inglés do Instituto Blanco amor por facilita-la asistencia dos alumnos.

- Caixa Ourense.

LIBROS

Bibliografía sobre medios de comunicación e prensa na escola

A) Sobre os mass-media e o mundo da comunicación:

- Marshall Mc Luhan: La Galaxia Gutemberg. Edit. Planeta-Agostini.
- Marshall Mc Luhan: Edmund Carpenter: El aula sin muros. Edit. Laia.
- Adriano Duarte, Eduarda Dionisio, Helena G. Neves: Comunicación social e jornalismo (dous volumes). Edit. A Regra do Jogo.
- Juan Beneyto: Conocimiento de la información. Alianza Editorial.
- M. Vázquez Montalbán: Las noticias y la información. Edit. Salvat.
- Victor Silva Lopes: Iniciação ao jornalismo. Edit. Centro do Livro Brasileiro.
- Varios: Cultura e medios de comunicación en sociedades dependentes. Edic. do Castro.
- E. Reboul: Aprender a usar las fuentes de información. Edit. Narcea.
- Cebrián, J.L. (1980): La prensa y la calle. Madrid, Nuestra Cultura.
- Varios: Noticia, rumor, bulo: la muerte de Franco. Ensayo sobre algunos aspectos del control de la información. Madrid. Ed. Elías Querejeta.

B) Sobre a prensa e a Escola:

- O noso galego. Edicións Xerais.
- Bartolomé Rotger, Joana María Roque: Como leer la prensa escrita. Edit. Escuela Española (1982).
- Carmen Alcalde: Como leer un periódico. Edit. ATE.
- Juan Vioque: La utilización de la prensa en la escuela. Edit. Cincel.
- Jacques Gonnert: El periódico en la escuela: creación y utilización. Edit. Cincel.
- D. Bartolomé Crespo: La prensa en las aulas. Publicaciones ICCE.
- Avantar: A escola e os medios de comunicación. As Rolas-2, número 8 (1981).
- Chey Ney, A.B. (1982): La enseñanza de la lectura por el periódico. Madrid, Cincel/Kapelusz.
- Grupo de Trabajo MEC-RTVE: Educación y medios de comunicación. Madrid, MEC, 1982.
- Veira, C. (1979): La prensa a la escuela. Madrid, Marsiega.
- Fernández Paz, Agustín (1986): Para ler xornais na clase, Revista Galega de Educación, número 2.
- Nieto Martín, Santiago (1986): La temática educativa en la prensa. Valladolid, Sever-Cuesta.

NOVAS

-Xa está rematado un estudo sobre "Demandas universitarias dos estudantes ourensanos", que a Universidade de Santiago non quixo ter en conta para facer a "Ordenación territorial dos estudos universitarios en Galicia", pois dita institución mantén a súa política de especializar este campus en Socioloxía e materias afíns. Para coñecer o contraste entre demandas e ofertas, pronto contaremos coa publicación do libro no que se recollen as conclusións do estudo subvencionado por Caixa Galicia.

-Na liña en que anunciamos na nosa tira, a Xunta de Centro e o Claustro do Colexio Universitario solicitou da Xunta de Goberno da Universidade os "Cursos de adaptación para Psicoloxía e Pedagogía". A importancia desta iniciativa debe contar co apoio da sociedade ourensana.

-Dentro da reforma de Plans de estudos e titulacións, xa se coñece o proxecto de titulacións do profesorado de educación infantil e primaria. Son en total sete especialidades.

-Hoxe na Escola de Maxisterio, dentro das tertulias sobre educación infantil, intervéñen María do Carmo Conde Morgade, do Colexio público de Xinzo, sobre "A experiencia lóxico-matemática: actividades posibles, a súa importancia no coñecemento do neno". As 6 da tarde.

-Día 7 de abril: Día da Saúde, tema que consideramos de interese dentro dunha educación integral que deben proporcionar as nosas escolas.

Tira

O curso de adaptación en Ourense

Na actualidade, toda persoa que posea o título de Profesor de E.X.B. pode acceder a cuarto curso de diversas licenciaturas, despois de haber realizado o que se denomina "Curso de adaptación", no que se imparten asignaturas correspondentes ao primeiro ciclo de Facultades (do primeiro ao terceiro curso). Supón, por tanto, obter un título de licenciado despois de haber cursado tan so tres cursos académicos.

De todas as licenciaturas ás que se pode acceder por este sistema, é a de Pedagogía a que conta con maior número de alumnado.

A Xunta de Centro e o Claustro do Colexio Universitario de Ourense acordaron solicitar ao Rectorado da Universidade de Santiago a implantación neste centro do Curso de adaptación, nas especialidades de Pedagogía e Psicoloxía.

No presente curso académico 70 profesores de EXB de Ourense están cursando o Curso de adaptación en Pedagogía e 36 en Psicoloxía. Este número

vese incrementado polos que siguen estes estudos na UNED.

Mentras non se aprobe e aplique a nova reorganización dos estudos universitarios en educación, e, polo tanto, mentras se manteña a actual estrutura académica, consideramos un despilfarro de medios humanos e materiais o que esta importante cantidade de profesores non se poda beneficiar das especialidades de Pedagogía e de Psicoloxía que se imparten neste Colexio Universitario.

Os profesores de EXB de Ourense, sobre todo os docentes en exercicio, encóntranse claramente discriminados e ven dificultadas as posibilidades de realizar a licenciatura en carreiras de gran interese para a súa práctica profesional.

A incorporación do Curso de adaptación en Ourense axudaría, ademais, a disminuir a actual masificación destes cursos en Santiago, que superan moi amplamente o número de matriculados en calqueira dos cursos do primeiro ciclo, polo menos no caso de Pedagogía.

Sen embargo, a súa implantación en Ourense non traería problemas de masificación, e, ao mesmo tempo, aumentaríase a rentabilidade dos recursos que en profesorado e instalacións posee o Colexio Universitario.

Con este incremento do alumnado, reflexaríanse mais adecuadamente as necesidades de formación psico-pedagóxica na provincia de Ourense, que, a consecuencia das actuais trabas burocráticas, están totalmente distorsionadas na actualidade.

A solicitude do Curso de adaptación para Ourense xa se realizou en outras ocasións, pero non obtivo unha resposta positiva. Ignoramos se nesta ocasión a Xunta de Goberno da Universidade deixará ou non de lado criterios centralistas e acaparadores. Sería inxusto para esta provincia que se lle privara sistematicamente ao profesorado de E.X.B. a posibilidade de obter unha licenciatura en áreas relacionadas co campo educativo.

Mercedes Suárez Pazos.

GARABULLINO



A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

